



Programa UDC-Connect

1. Introducción	2
2. Obxectivos do Programa UDC-Connect.....	2
3. Fases de implementación.....	2
3.1. Fase 1. Implementación inicial.....	2
3.2. Fase 2. Apertura do Programa UDC-Connect.....	2
4. Pasos para a creación do Programa UDC-Connect	2
4.1. Definición de criterios de emparellamento.....	2
4.1.1. Etapa da carreira profesional	3
4.1.2. Área de investigación.....	3
4.1.3. Situación familiar	3
4.1.4. Experiencia na UDC e comunidade local.....	4
4.1.5. Competencia lingüística e cultural	4
4.1.6. Compatibilidade persoal.....	4
4.2. Recrutamento de compañeiros/as de ruta	4
4.3. Capacitación dos/as compañeiros/as de ruta.....	5
4.3.1. Certificado de participación	5
4.4. Implementación do emparellamento	5
4.4.1. Recolección de información	5
4.4.2. Análise da compatibilidade.....	5
4.4.3. Selección e confirmación do emparellamento.....	6
4.4.4. Introdución inicial	6
4.4.5. Duración do acompañamiento	6
4.4.6. Seguimiento e apoio continuo	6
4.5. Seguimiento e avaliación	6
4.5.1. Obxectivos do sistema de seguimiento e avaliação	6
4.5.2. Compoñentes do sistema de seguimiento e avaliação.....	6
5. Conclusión	7
6. Protección de datos	7

Código Seguro De Verificación	GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	08/11/2024 15:01:02
Observacións		Páxina	1/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1. Introdución

O proxecto «Estratexia de atracción e retención de talento científico internacional para a UDC (STARS4UDC)» desenvolvido desde a Oficina de Captación de Persoal Investigador (OCPI) da Universidade da Coruña (UDC), financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades a través da convocatoria para facilitar a atracción de talento 2023 (GPE-2023), ten como obxectivo principal incrementar a atracción de persoal internacional de recoñecido prestixio ou con proxección profesional en árees chave de investigación.

Unha das actividades que recolle é a de creación do Programa UDC-Connect. Esta é unha iniciativa destinada a asegurar a integración de persoal de investigación internacional¹ que se une á nosa universidade. O devandito programa asignará a cada novo membro un/unha compañeiro/a de ruta voluntario/a do persoal da UDC que actuará como guía e fonte de apoio durante o período inicial de adaptación na UDC e nas cidades da Coruña ou Ferrol.

2. Obxectivos do Programa UDC-Connect

O obxectivo principal do Programa UDC-Connect é facilitar a integración e adaptación do persoal de investigación internacional á súa nova contorna académica e social. Os obxectivos específicos inclúen:

- prover apoio personalizado ao persoal investigador internacional para facilitar a súa adaptación á UDC e á vida na Coruña ou Ferrol;
- fomentar unha comunidade inclusiva e de apoio dentro da UDC;
- asegurar que o persoal investigador internacional se sinta benvindo e valorado; e
- promover o intercambio cultural e profesional entre o persoal da UDC e o novo persoal investigador.

3. Fases de implementación

O Programa UDC-Connect implementarase en dúas fases:

3.1. Fase 1. Implementación inicial

Durante esta fase o devandito programa dirixirase especificamente ao persoal de investigación que cumpra os seguintes criterios:

- Persoal con título de doutor/a.
- Persoal investigador atraído que veña do estranxeiro e que tivese un vínculo con institucións de investigación no estranxeiro nos últimos tres anos.
- Persoal investigador atraído á UDC por un período mínimo de dous anos.

3.2. Fase 2. Apertura do Programa UDC-Connect

Na segunda fase este programa abrirase a outros/as candidatos/as que se incorporen á UDC, especialmente aqueles/as que veñan a través de convocatorias de atracción de talento e ciencia excelente, para ampliar así o alcance e os beneficios do programa a un maior número de persoas.

A fase 1 lanzarase durante o ano 2024, e a fase 2 comezará a finais do ano 2025.

4. Pasos para a creación do Programa UDC-Connect

4.1. Definición de criterios de emparellamento

O proceso de emparellamento é unha parte esencial do Programa UDC-Connect. Para asegurar que o novo persoal internacional reciba o apoio máis axeitado, defínense unha serie de criterios que guiarán a selección e o emparellamento dos/as compañeiros/as de ruta. Estes criterios baséanse en aspectos

¹ Enténdese por persoal de investigación todo o persoal dedicado a tarefas de investigación, en calquera estadio da súa carreira investigadora (R1, R2, R3 ou R4), así como persoal técnico e de xestión.

Código Seguro De Verificación	GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	08/11/2024 15:01:02
Observacións		Páxina	2/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





profesionais, persoais e sociais, co obxectivo de facilitar unha adaptación harmoniosa e produtiva á UDC e as cidades da Coruña e Ferrol.

Criterios de emparellamento:

4.1.1. Etapa da carreira profesional

Para a etapa da carreira profesional, utilizaremos a clasificación empregada pola Comisión Europea e EURAXESS, que categoriza o persoal investigador en catro etapas: R1, R2, R3 e R4.

a. Persoal investigador R1 (en formación)

- Descripción: investigadores/as nas primeiras etapas da súa carreira investigadora e estudiantes de doutoramento.
- Emparellamento ideal: compañeiros/as de ruta con experiencia como R2, que poidan ofrecer orientación sobre a finalización do doutoramento e a transición á etapa posdoutoral.

b. Persoal investigador R2 (recoñecido)

- Descripción: investigadores/as posdoutorais que xa obtiveron o título de doutor/a e están desenvolvendo a súa carreira de xeito independente, pero baixo a supervisión dun/dunha mentor/a.
- Emparellamento ideal: compañeiros/as de ruta con experiencia como R3, que poidan ofrecer apoio na obtención de financiamento, a xestión de proxectos e o desenvolvemento dunha carreira independente.

c. Persoal investigador R3 (establecido)

- Descripción: investigadores/as que desenvolveron unha considerable independencia na súa investigación e poden liderar proxectos e equipos de investigación.
- Emparellamento ideal: compañeiros/as de ruta con experiencia como R4, que poidan ofrecer orientación sobre a xestión de grupos de investigación, a obtención de financiamento etc.

d. Persoal investigador R4 (líder)

- Descripción: investigadores/as líderes cun historial de logros significativos no seu campo, capaces de acometeren a dirección de equipos e liñas de investigación propias.
- Emparellamento ideal: compañeiros/as de ruta con experiencia relevante no liderado e a administración académica que poidan ofrecer asesoramento sobre a xestión de equipos e proxectos na UDC.

O/A compañeiro/a de ruta ideal deberá ter unha experiencia similar ou lixeiramente superior á do/a persoal de investigación internacional para poder ofrecer unha orientación axeitada. Terá que pertencer ao PTXAS, PDI ou persoal do capítulo VI, así coma o alumnado de doutoramento. O resto do alumnado queda excluído.

4.1.2. Área de investigación

- Coincidencia en disciplina. Sempre que sexa posible, o persoal de investigación emparellarase con compañeiros/as de ruta que traballen na mesma disciplina ou nunha disciplina afín. Isto permitirá que o/a compañeiro/a de ruta poida ofrecer consellos específicos sobre recursos, laboratorios e oportunidades de colaboración dentro da UDC.
- Intereses de investigación. Ademais da disciplina, teranse en conta os intereses específicos da investigación que se realiza para asegurar unha mellor compatibilidade e maiores posibilidades de colaboración.

4.1.3. Situación familiar

- Persoal de investigación con familia. Aquel persoal investigador que chegue coa familia (parella, fillos/as etc.) será emparellado con compañeiros/as de ruta cunha situación familiar similar, co fin de

Código Seguro De Verificación	GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	08/11/2024 15:01:02
Observacións		Páxina	3/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



lle poder ofrecer apoio e consellos sobre escolas, actividades familiares, oportunidades laborais, vivenda etc.

- b. Persoal de investigación independente. No caso do persoal de investigación que chegue só, procurarase que poida beneficiarse de compañeiros/as de ruta que poidan ofrecer apoio e consellos sobre a vida social, actividades extracurriculares e recursos individuais.

4.1.4. Experiencia na UDC e comunidade local

- a. Anos desenvolvidos na UDC. Daráselles preferencia a compañeiros/as de ruta con algo de experiencia na UDC e que estean familiarizados/as cos procesos administrativos, os recursos e as oportunidades da nosa universidade.
- b. Coñecemento da comunidade local. Compañeiros/as de ruta cun bo coñecemento da Coruña ou Ferrol, que poderán ofrecer unha mellor orientación sobre a vida diaria, o transporte, as actividades culturais e recreativas etc.

4.1.5. Competencia lingüística e cultural

- a. Idioma común. Buscarase emparellar o persoal de investigación con compañeiros/as de ruta que falen un idioma común, para facilitar a comunicación.
- b. Sensibilidade cultural. Serán seleccionados/as compañeiros/as de ruta con experiencia previa en contornas internacionais ou con sensibilidade cultural para asegurar unha mellor comprensión.

4.1.6. Compatibilidade persoal

Intereses persoais e hobbies, valores, estilo de vida. Sempre que sexa posible, teranse en conta os intereses persoais e hobbies do persoal investigador e os/as compañeiros/as de ruta para fomentar unha relación más próxima.

4.2. Recrutamento de compañeiros/as de ruta

Identificaremos e recrutaremos o persoal da UDC que poida desenvolver o papel de compañero/a de ruta. Para iso, teranse en conta a súa experiencia na nosa universidade e o seu coñecemento da comunidade local.

Procedemento xeral:

- a. Anuncio do Programa UDC-Connect
Difusión deste programa a través de correos electrónicos institucionais, boletíns internos e carteis en áreas comúns da UDC.
- b. Solicitudes de participación
Creación dun formulario accesible que preguntará sobre información persoal e profesional, motivacións para participar, disponibilidade e experiencia relevante. Este formulario publicarase tras o anuncio deste programa nas redes sociais da OCPI e na páxina web da UDC, amais de enviarse por listaxes de correo a toda a comunidade universitaria.
- c. Revisión de solicitudes
A OCPI revisará as solicitudes e avaliaráas en función da experiencia na UDC, o coñecemento da comunidade local, as competencias interculturais e a disponibilidade.
- d. Selección e notificación
Seleccionaranse os/as candidatos/as que cumplan os criterios establecidos. Vía correo electrónico recibirán unha notificación co fin de confirmar a súa participación e proporcionarles información sobre a capacitación necesaria.
- e. Capacitación dos/as compañeiros/as de ruta
Posibilidade de organización de sesións de formación iniciais segundo o plan de capacitación establecido.
- f. Asignación de compañeiros/as de ruta

Código Seguro De Verificación	GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	08/11/2024 15:01:02
Observacións		Páxina	4/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Emparellamento dos/as compañeiros/as de ruta co persoal de investigación internacional con base nos criterios de compatibilidade. Comunicaránseles a ambos/as o seu emparellamento e os próximos pasos para seguir.

Procedemento extraordinario:

En circunstancias especiais, a OCPI poderá levar a cabo un procedemento extraordinario de recrutamento de compañeiros/as de ruta. Este proceso permitirá que a OCPI identifique e recrute directamente membros do persoal da UDC que, debido á súa experiencia, os seus coñecementos específicos ou habilidades interculturais destacadas, sexan considerados especialmente aptos para apoiar ao persoal de investigación internacional. Esta medida busca garantir un emparellamento óptimo en situacóns en que as solicitudes voluntarias non cubran adequadamente as necesidades deste programa ou cando se requira un perfil particular de mentoría para casos específicos.

4.3. Capacitación dos/as compañeiros/as de ruta

A capacitación é esencial para garantir o éxito do Programa UDC-Connect, xa que asegura que os/as compañeiros/as de ruta estean plenamente preparados/as para ofrecerles o apoio necesario ao persoal de investigación internacional.

A OCPI poderá implementar actuacóns específicas encamiñadas a esta capacitación, traballando en estreita colaboración co resto de departamentos da UDC, co fin de crear un programa formativo integral que cubra todas as necesidades e peculiaridades que poidan xurdir durante o proceso de integración do persoal de investigación. Esta cooperación interdepartamental permitirá que a formación sexa completa e adaptada ás diversas realidades e os desafíos que poidan enfrentar os/as compañeiros/as de ruta.

4.3.1. Certificado de participación

Desde a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia emitirase un certificado de participación para aquellas persoas que se postulen e colaboren activamente como compañeiros/as de ruta no Programa UDC-Connect. Este recoñecemento oficial acreditará a súa contribución e compromiso coa integración do persoal investigador internacional na UDC.

4.4. Implementación do emparellamento

A implementación do emparellamento no Programa UDC-Connect é un proceso crítico para asegurar que o persoal de investigación internacional reciba o apoio necesario dos/as compañeiros/as de ruta. As etapas do proceso de emparellamento son as seguintes:

4.4.1. Recolección de información

O novo persoal de investigación completará un formulario de rexistro que incluirá estes datos:

- Información persoal: nome, idade, estado civil, fillos/as etc.
- Información profesional: etapa da carreira, área de investigación, intereses específicos.
- Preferencias persoais: hobbies, intereses fóra do traballo, idiomas falados etc.
- Necesidades específicas: apoio familiar, asesoramento administrativo etc.

4.4.2. Análise da compatibilidade

Analizaranse os datos recollidos nos formularios do persoal de investigación e dos/as compañeiros/as de ruta empregando os criterios de emparellamento definidos previamente (etapa da carreira profesional, área de investigación, situación familiar, competencia lingüística etc.). A OCPI revisará manualmente as coincidencias para asegurar unha compatibilidade óptima.

Código Seguro De Verificación	GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	08/11/2024 15:01:02
Observacións		Páxina	5/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





4.4.3. Selección e confirmación do emparellamento

Contacto co persoal de investigación internacional e os/as compañeiros/as de ruta propostos/as para confirmar a súa aceptación.

4.4.4. Introducción inicial

Organizarse unha reunión de presentación inicial entre o persoal investigador internacional e os/as compañeiros/as de ruta en que se lles entregará un paquete de benvida, en colaboración coa oficina EURAXESS, con información útil para ambos/as, con guías de recursos, mapas da cidade, contactos importantes e consellos prácticos.

4.4.5. Duración do acompañamiento

O acompañamiento por parte dos/as compañeiros/as de ruta terá unha duración de seis meses desde a chegada á UDC do persoal de investigación internacional. Os/as compañeiros/as de ruta comprométense a ofrecer un apoio inicial, orientado á integración na universidade e na cidade, mantendo un contacto regular co persoal de investigación asignado.

Tanto o persoal de investigación internacional como os/as compañeiros/as de ruta terán a opción de abandonar o programa de acompañamiento de forma voluntaria en calquera momento, logo de llo comunicar á OCPI, para asegurar unha xestión adecuada e benestar de todas as persoas implicadas.

4.4.6. Seguimento e apoio continuo

Ofrecerase a opción de realizar reunións periódicas de seguimento entre a OCPI e os/as investigadores/as e compañeiros/as de ruta para avaliar o progreso ou resolver calquera problema. En casos excepcionais, poderase considerar a reasignación dos/as compañeiros/as de ruta.

4.5. Seguimento e avaliação

O seguimento e a avaliação son compoñentes cruciais para garantir o éxito e a mellora continua do Programa UDC-Connect.

4.5.1. Obxectivos do sistema de seguimento e avaliação

- Monitorizar o progreso. Avaliar o desenvolvemento das relacións de emparellamento e a adaptación do persoal de investigación internacional.
- Recoller *feedback*. Obter retroalimentación dos/as participantes para identificar áreas de mellora.
- Medir o impacto. Avaliar o impacto do programa na integración e a satisfacción do persoal de investigación internacional.
- Axustar o programa. Realizar os axustes necesarios baseados nos datos recollidos para mellorar continuamente o programa.

4.5.2. Compoñentes do sistema de seguimento e avaliação

a. Reunións periódicas

Reunións tripartitas entre membros da OCPI, o persoal investigador internacional e os/as compañeiros/as de ruta, presenciais ou en liña, en que se falará do progreso e as experiencias ou posibles problemas ou desafíos.

b. Enquisas de satisfacción

Realización de enquisas breves, en liña e anónimas, relativas á satisfacción co apoio recibido, a identificación de necesidades non cubertas e as suxestións que se teña para mellorar o programa.

c. Avaliación final e axuste do programa

Informe final elaborado pola OCPI ao final de cada ano coa avaliação global do programa, o impacto na adaptación e a integración do persoal de investigación e as recomendacións para futuros

Código Seguro De Verificación	GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	08/11/2024 15:01:02
Observacións		Páxina	6/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





emparellamentos. Incluirá a proposta de solucións e melloras baseadas na retroalimentación das enquisas, amais da detección de problemas recorrentes e significativos.

5. Conclusión

O Programa UDC Connect é unha iniciativa fundamental para asegurar que o persoal de investigación internacional se sinta benvido, apoiado e valorado na UDC. A través deste programa, buscamos crear unha comunidade académica inclusiva e diversa que beneficie tanto o persoal de investigación internacional como a UDC no seu conxunto. A implementación en dúas fases permitirá facer un despregamento gradual e efectivo, que asegure que todas as persoas participantes reciban o apoio preciso para unha integración exitosa.

6. Protección de datos

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos que se faciliten serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

No marco do Programa UDC-Connect, todos os datos persoais recollidos tanto dos/as investigadores/as internacionais como dos/as compañeiros/as de ruta serán tratados con absoluta confidencialidade e utilizados exclusivamente para os fins establecidos, como o emparellamento e a xestión da súa participación. A UDC adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, evitando o acceso non autorizado ou a súa divulgación indebida.

Os datos persoais serán conservados durante o tempo necesario para o desenvolvimento do Programa UDC-Connect e para cumplir coas obrigas legais correspondentes. Unha vez finalizado este programa e cumplidos os prazos legais de conservación, os datos serán debidamente eliminados.

A persoa interesada terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con base nalgúnha das outras bases de lexitimación recollidas no artigo 6 do RXPD. En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a lle solicitar á responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais, así como a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Estes dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- Destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, no apartado Outros trámites.
- Mediante unha solicitude á responsable de tratamiento dos datos (UDC, Secretaría Xeral) dirixida ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ou ao correo electrónico rpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais desta universidade. A solicitude estará asinada e acompañada de copia do DNI.

Código Seguro De Verificación	GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	08/11/2024 15:01:02
Observacións		Páxina	7/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

- Mediante unha solicitude á delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais desta universidade. A solicitude estará asinada e acompañada de copia do DNI.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Código Seguro De Verificación	GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	08/11/2024 15:01:02
Observacións		Páxina	8/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GcgTmzzqdTSyVGGW8/MbWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		